



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Intervención en Necesidades Educativas dos Alumnos con Discapacidade Sensorial

Materia	Intervención en Necesidades Educativas dos Alumnos con Discapacidade Sensorial			
Código	P02M081V02103			
Titulación	Máster Universitario en Necesidades específicas de apoio educativo			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	3	OB	1	1c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento				
Coordinador/a	Rodríguez Rodríguez, Juan Luís			
Profesorado	Gayo Álvarez, María Elena Rodríguez Rodríguez, Juan Luís Torres Santiago, María Rocío			
Correo-e	juanluisrr@uvigo.es			
Web	<a href="http://masterapoioeducativo.webs.uvigo.es/">http://masterapoioeducativo.webs.uvigo.es/</a>			
Descrición xeral	Esta materia pretende dar a coñecer as características do desenvolvemento e aprendizaxe correspondente ás diversas etapas educativas do alumnado con discapacidade visual e auditiva, co obxecto de ser capaz de deseñar diferentes sistemas de avaliación e intervención en función das necesidades educativas que presenta este tipo de alumnado.			

## Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código				
A2	Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en contornas novas ou pouco coñecidas dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados co seu área de estudo.			
A3	Que os estudantes sexan capaces de integrar coñecementos e enfrontarse á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos.			
A4	Que os estudantes saiban comunicar as súas conclusións [e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan] a públicos especializados e non especializados dun modo claro e sen ambigüidades.			
A5	Que os estudantes posúan as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando de un modo que terá que ser en gran medida autodirixido ou autónomo.			
B1	Saber aplicar os coñecementos adquiridos sobre o funcionamento dos procesos neuropsicolóxicos e a resposta organizativa de centro e servizos de apoio en contornas con poboacións con dificultades de aprendizaxe e trastornos do desenvolvemento, así como no deporte de base e na actividade física para poboacións especiais.			
B2	Sintetizar os coñecementos adquiridos sobre avaliación e intervención, resposta organizativa de centro e os servizos de apoio e integralos nos contextos de aprendizaxe do estudante, o deporte de base, así como da actividade física para poboacións especiais, a saúde e a calidade de vida, sen discriminación de xénero, de clase, nin de etnia.			
B3	Diseñar sistemas de asesoramento e de intervención educativa tendo en conta a resposta organizativa do centro, as metodoloxías e as TIC para a inclusión escolar, así como o deporte adaptado, a actividade física para persoas con distintas discapacidades, o exercicio físico, a saúde e a calidade de vida.			
B4	Xeneralizar a distintos contextos e situacións o coñecemento, as destrezas adquiridas, axustando as habilidades pertinentes que as conforman. Todo iso con criterios de non discriminación de xénero e respecto dos valores democráticos.			

- C1 Saber aplicar sistemas de avaliación e intervención á determinación das necesidades educativas especiais dos estudantes con discapacidade intelectual, motriz e sensorial; de dificultades de aprendizaxe derivadas do contexto sociocultural, de discriminación por razóns de xénero, clase, e etnia e de dificultades de aprendizaxe específicas (lectura, escritura e cálculo), delimitando ámbitos prioritarios de actuación e os apoios requiridos para promover a aprendizaxe significativa e relevante.
- C2 Saber detectar e analizar posibles barreiras para o acceso ao currículo, a aprendizaxe e a participación do alumnado con necesidades educativas especiais e problemas de aprendizaxe.
- C3 Coñecer os sistemas adecuados para intervir na mellora da competencia persoal do alumnado naqueles ámbitos do seu desenvolvemento psicolóxico, social, de actividade física e deportivo que poidan relacionarse cas súas necesidades educativas especiais.
- C4 Xerar destrezas para aprender a diseñar, en colaboración co profesorado de aula, plans de traballo individualizado para o alumnado con necesidades educativas específicas integrados na resposta organizativa do centro e nos servizos de apoio, utilizando as TIC e favorecidos por actividades de deporte adaptado e que potencien actividades de saúde e calidade de vida.
- C5 Aprender a colaborar cos servizos psicopedagóxicos e de orientación familiar, promovendo a mellor resposta educativa.
- D4 Propoñer iniciativas, xerar ideas novas e adaptarse a situacións diversas con flexibilidade.
- D6 Traballar en grupo e desenvolver actitudes de participación e colaboración.
- D7 Comunicar con eficacia o coñecemento obtido, de forma oral e escrita, tanto a persoas non expertas como a outros especialistas, utilizando os recursos persoais e apoiándose nas tecnoloxías da información e da comunicación.
- D8 Recoñecemento da diversidade e da multiculturalidade.
- D9 Actuar con coherencia, responsabilidade e rigor, mantendo un compromiso ético.

### Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Comprender a natureza cognitiva e neurolóxica dos procesos implicados na aprendizaxe nas persoas con discapacidade sensorial.	A2 A3 B1 B2 C2 D7 D8
Coñecer as distintas condicións da aplicación de programas en discapacidade sensorial.	A2 A3 B2 B4 C1 C3 C4 D8 D9
Sensibilizarse sobre a necesidade do uso da Lingua de Signos Española.	A3 A5 B4 C2 C3 D4 D8 D9
Elaborar e deseñar programas de intervención para o apoio das necesidades educativas específicas e aplicalos conforme ás condicións experimentais establecidas e ás necesidades de apoio das persoas con discapacidade visual ou auditiva, con especial referencia aos procesos lectores e comunicativos.	A2 A3 B1 B3 B4 C1 C3 C4 C5 D4 D6 D7 D9

Sintetizar e avaliar os principais resultados obtidos na aplicación, conforme ás condicións do deseño, valorando a súa achega ao coñecemento actual e ao estudante que aprende.	A2 A4 B2 B4 C1 D4 D7 D9
---	--

Fomentar e aplicar os seus resultados a situacións de necesidades específicas de apoio lector e comunicativo.	A3 A5 B1 B4 C1 C3 C4 D4 D6 D7 D8 D9
---	--

### Contidos

Tema	
Desenvolvemento psicolóxico, avaliación e intervención con persoas con discapacidade visual.	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Implicacións nas necesidades específicas de apoio educativo dos procesos visuais e os seus correlatos neurolóxicos.</li> <li>2. Valoración e medición de ditos procesos e a súa correlación no logro académico.</li> <li>3. Análisis das intervencións en necesidades específicas de apoio educativo lecto-escritor e comunicativo.</li> <li>4. Deseño da intervención en termos de NEE lectoescriptoras e/ou comunicativas.</li> <li>5. Elaboración e avaliación de resultados de intervención. Informe, discusión e difusión dos resultados e conclusións obtidas.</li> </ol>
Desenvolvemento psicolóxico, avaliación e intervención con persoas con discapacidade auditiva.	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Implicacións nas necesidades específicas de apoio educativo dos procesos auditivos e os seus correlatos neurolóxicos.</li> <li>2. Valoración e medición de ditos procesos e a súa correlación no logro académico.</li> <li>3. Análisis das intervencións en necesidades específicas de apoio educativo lecto-escritor e comunicativo. Introducción á LSE.</li> <li>4. Deseño da intervención en termos de NEE lectoescriptoras e/ou comunicativas.</li> <li>5. Elaboración e avaliación de resultados de intervención. Informe, discusión e difusión dos resultados e conclusións obtidas.</li> </ol>
Desenvolvemento psicolóxico, avaliación e intervención con persoas con sordocegueira	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Implicacións nas necesidades específicas de apoio educativo dos procesos das persoas sordocegas e os seus correlatos neurolóxicos.</li> <li>2. Valoración e medición de ditos procesos e a súa correlación no logro académico.</li> <li>3. Análisis das intervencións en necesidades específicas de apoio educativo lecto-escritor e comunicativo.</li> <li>4. Deseño da intervención en termos de NEE lectoescriptoras e/ou comunicativas.</li> <li>5. Elaboración e avaliación de resultados de intervención. Informe, discusión e difusión dos resultados e conclusións obtidas.</li> </ol>

### Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	3	0	3
Seminario	5	10	15
Traballo tutelado	7	7	14
Traballo	0	43	43

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

### Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Exposición por parte do profesorado do contido principal dos temas.

Seminario	Actividades enfocadas ao traballo sobre temas específicos da materia e á análise dos procedementos utilizados na formulación sobre o tema.
Traballo tutelado	Desenvolvemento de exercicios ou proxectos na aula baixo as directrices e supervisión do docente. Pode estar vinculado con actividades autónomas do estudante

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Seminario	Apoio e asesoramento para a organización de actividades de debate enfocadas ao traballo sobre temáticas específicas que permitan profundar nos contidos da materia.
Traballo tutelado	Orientación sobre contidos e actividades expostas sobre a materia e resolución de dúbidas sobre contidos teóricos ou actividades prácticas.
Probas	Descrición
Traballo	Orientación sobre a planificación, elaboración e presentación dos traballos prácticos.

### Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Seminario	Valoración da participación activa do estudante na discusión de documentos científicos, casos ou outras actividades propostas na aula	20	A2 A3 A4	B2	C3 C4	D4 D6 D7
Traballo tutelado	Avaliación dos exercicios ou proxectos realizados na aula e/ou das actividades autónomas do estudante.	40	A2 A3	B2	C1 C2 C3 C4	D4 D6 D7
Traballo	Elaboración e presentación oral e escrita de informes, por parte dos estudantes, relacionados cos contidos e/ou procedementos do módulo correspondente	40	A2 A3 A4 A5	B1 B2 B3 B4	C1 C2 C3 C4	D4 D6 D7 D8 D9

### Outros comentarios sobre a Avaliación

#### AVALIACIÓN CONTINUA

Este máster ten a modalidade de ensino presencial, polo que a asistencia a clase e a realización dos traballos de aula son obrigatorios para a avaliación continua. Esta asistencia debe ser dun mínimo do 80% da materia. O/a estudante que falte a unha sesión deberá poñerse en contacto co/a docente para realizar a(s) tarefa(s) alternativa(s) correspondente(s) para poder continuar a avaliación continua.

Para superar a materia será necesario que os estudantes obteñan en cada proba ou actividade obxecto de avaliación como mínimo o 50% de cualificación nese apartado.

#### AVALIACIÓN GLOBAL

O alumnado que non poida seguir a avaliación continua realizará unha proba dos contidos da materia, na data marcada no calendario do mestrado para os exames oficiais Esta proba suporá o 100% da puntuación e os seus pormenores e características serán concretadas polo profesorado o día da presentación da materia e cando se faga a consulta persoalmente.

O/a estudante que non supere a avaliación da materia poderá presentarse na segunda convocatoria, no mes de xullo, na que se avaliarán as competencias non adquiridas na 1ª oportunidade.

Poden consultarse as datas oficiais de avaliación da materia na web do Mestrado no espazo "exames" e na plataforma de teledocencia.

Esta guía poderá ser adaptada para atender ás necesidades específicas de apoio educativo que presente o alumnado adscrito ao programa PIUNE

### Bibliografía. Fontes de información

#### Bibliografía Básica

Domínguez, A. B. y Alonso, P., **La educación de los alumnos sordos hoy: perspectivas y respuestas educativas.**, Aljibe, 2004

Gómez P., Romero E., **Sordoceguera. Un análisis multidisciplinar**, ONCE, 2004

Torres, A. L., **Atención al educando ciego o con deficiencias visuales**, EUNED, 2006

---

### **Bibliografía Complementaria**

Checa, F. J.; Marcos, M.; Martín, P.; Núñez, M. A. yVallés, A, **Aspectos evolutivos y educativos de la deficiencia visual.**, ONCE, 2000

Collado, S. y otros, **Discapacidad visual y destrezas manipulativas**, ONCE, 2007

Domínguez, A. B. y Alonso, P., **La educación de los alumnos sordos hoy: perspectivas y respuestas educativas.**, Aljibe, 2004

Jiménez M. G., **Deficiencia auditiva. Evaluación, intervención y recursos psicopedagógicos**, CEPE, 2003

---

---

### **Recomendacións**

---

#### **Outros comentarios**

RECOMÉNDASE:

- A asistencia á primeira sesión de clase para poder coñecer os obxectivos da materia, a planificación xeral e as opcións de avaliación da mesma.

- A asistencia continuada ás sesións de clases e ás titorías para poder seguir o desenvolvemento da materia por parte dos estudantes

- O uso continuado da plataforma virtual na que se recollen actividades, orientacións e criterios de avaliación para o correcto desenvolvemento da materia.

---